



### **1.- Exposición RSME-Imaginary-Santiago**

---

A exposición itinerante **RSME-Imaginary**, organizada pola Real Sociedad Matemática Española (RSME) con ocasión do seu centenario en 2011, poderá visitarse en Santiago dende o **15 de marzo ata o 16 de maio de 2013**, na Igrexa da Universidade. A SGAPEIO colabora coa organización deste evento.

Trátase dunha exposición visual e interactiva, na que se poden atopar imaxes, pantallas táctiles, esculturas e obxectos de natureza matemática, e vén acompañada por diversas actividades como conferencias divulgativas, concursos e talleres, dirixidos ao público en xeral. RSME-Imaginary-Santiago conta, ademais, cunha exposición fotográfica: “O sabor das Matemáticas”, onde se amosan doce pratos excepcionais creados polo Café de París de Málaga, distinguido cunha estrela Michelin, que o matemático e fotógrafo Pedro Reyes Dueñas reflectiu a través da súa pegada.

O prazo de inscrición para visitas guiadas e titorizadas para grupos de estudantes (alumnado de Bacharelato e dos últimos cursos da ESO, así como de estudantes universitarios) está aberto ata o 12 de marzo ou ata o momento en que todas as datas sexan cubertas.

Máis información: <http://www.usc.es/gl/centros/matematicas/imaginary/>

### **2.- Oferta para un estatístico en BLOKIT**

---

BLOKIT, SA, empresa de biotecnoloxía ubicada no Vallés Oriental, do grupo empresarial Werfen Group, desexa incorporar ao seu departamento de I+D un bioestatístico/a. A actividade principal de Biokit é a investigación, produción e comercialización de reactivos de diagnóstico in vitro de enfermidades infecciosas, proteínas séricas e trastornos da coagulación.

As persoas interesadas deben remitir o seu CV e unha carta de presentación ao enderezo [xsoler@biokit.com](mailto:xsoler@biokit.com).

Máis información: <http://www.seio.es/Becas-y-Ofertas-de-empleo/Contratacion-Estadistico-BLOKIT.html>

### **3.- Open position at IRB Barcelona**

---

IRB Barcelona seeks a Biostatistics Group Leader and Head of the Biostatistics/Bioinformatics Core Facility Service (<http://www.irbbarcelona.org/bioinformatics>). The ideal candidate will hold a PhD in Biostatistics, Statistics or a related discipline. The candidate is expected to:

- 1) Pursue internationally renowned research, developing new biostatistics and bioinformatics methods as integral components to IRB’s multi-disciplinary approach.

2) Collaborate with the IRB research laboratories including the analysis of data derived from high-throughput experiments as well as advise on statistics.

Applications including a CV, copies of the three most relevant publications, short prospective plan and the names of at least three referees should be sent to [IRBbiostatgl@irbbarcelona.org](mailto:IRBbiostatgl@irbbarcelona.org)

More information: <http://www.seio.es/Becas-y-Ofertas-de-empleo/OPEN-POSITION-AT-IRB-BARCELONA.html>

#### **4.- ICRA5 e WSMC7**

---

A *Universidade Aberta*, o *Centro de Estatística e Aplicações da Universidade de Lisboa* (CEAUL), e o *Instituto Politécnico de Tomar* (Portugal) organizan conxuntamente dous eventos que forman parte das actividades de celebración do Ano Internacional da Estatística:

- ICRA5: **5th International Conference on Risk Analysis**, 28 e 29 de maio de 2013.
- WSMC7: **7th Workshop on Statistics, Mathematics and Computation**, 30 de maio e 1 de xuño de 2013.

Os dous encontros terán lugar no Instituto Politécnico de Tomar (Portugal).

Máis información:

<https://sites.google.com/site/2013wsmc7/> e <https://sites.google.com/site/2013icra5/>

Un saúdo,  
SGAPEIO  
Facultade de Matemáticas  
Campus Vida , s/n  
15782 Santiago de Compostela  
A Coruña (ESPAÑA)  
E-mail: [secretaria@sgapeio.es](mailto:secretaria@sgapeio.es)  
Web: <http://www.sgapeio.es>